

Libros para posobrigatoria

Xela Arias
Poesía reunida
(1982-2004)



O volume Poesía reunida (1982-2004) dá conta da obra poética de Xela Arias e quere contribuír á súa difusión e coñecemento. A escritora ocupou un lugar de seu na cartografía literaria das últimas décadas e a súa obra está en consonancia coa renovación do discurso poético producida dos anos 80 en diante, así como coa proliferación dos discursos do feminismo, aos que acompañou como pioneira.

«O infinito nun xunco» é un libro orixinal, entretido, erudito; unha alfaia literaria que se le coma unha novela. Escrito cunha voz profundamente literaria, que conecta trinta séculos de historia, Irene Vallejo constrúe rutas que se deteñen na Vila dos Papiros, nos pazos de Cleopatra, nas primeiras librarías coñecidas e nos talleres de copia de manuscritos, nas fogueiras dos códices prohibidos, no Gulag, na biblioteca de Saraxevo e no labirinto subterráneo de Óxford en 2000.

Premio Nacional de Ensaio 2020

Irene Vallejo
O infinito nun xunco
A invención dos libros no mundo antigo

Tradución: María López Suárez



XERAIS

Xela Arias: Día das Letras Galegas 2021

Coa chegada das vacacións de verán, ofrecémosvos unhas selección de material da nosa biblioteca para achegarvos á vida e á obra de Xela Arias... Boas lecturas!

Para 1º ciclo da ESO



Para 2º Ciclo da ESO



Verán de lecturas no IES Terra de Soneira




Libros para o 1º ciclo da ESO



Como se chega a ser escritora ou escritor? Por que se escribe? Pódese vivir sen ler? Pódese aprender a pensar a través da lectura? Cunha linguaxe comprensible e chea de anécdotas, Fran Alonso cóntanos neste libro inusual cousas sobre a escrita, a literatura ou a lingua e convidanos a reflexionar sobre o superpoder da lectura e a importancia de sentir a chamada das palabras

A través das páxinas deste libro, que percorre as distintas etapas da historia de Roma, asistimos ao nacemento dun neno ou nena, ao primeiro día de escola, aos seus enredos... Sabías que Roma foi fundada por un neno? Aquí cóntase como eran os xoguetes dos romanos, como se entretíña a rapazada, como vestían e como se bañaban, que comían, que deuses tiñan e como eran as súas casas. Tamén descubrimos as pegadas que os romanos deixaron en Galicia.




Ós seus 17 anos, Ben Fletcher vese obrigado a ofrecer servizos para a comunidade logo dun desafortunado incidente que case o leva a ingresar nun centro de menores. A profesora que lle gusta leva un club de calceta, así que Ben se inscribe de mala gana nesta actividade. Para a súa sorpresa, o mozo descobre que lle gusta tecer e intenta mantelo en segredo ante os ollos dos seus compañeiros, mentres a rapaza dos seus sonhos revela os seus sentimentos cara a el.

Libros para o 2º ciclo da ESO

A Amazonia é un mundo verde e único. Tamén é o fogar de moitas tribos indíxenas que viviron alí desde o inicio dos tempos. Algunhas delas manteñen relación coa civilización, mentres que outras decidiron permanecer voluntariamente ocultas no corazón da selva. A miña tribo é unha delas. Eu son Husu Aké, membro da tribo dos Tacaré, filla da Nai Terra e habitante do mundo verde. E esta é a miña historia.

Premio Merlín 2020



Un misterioso asasinato, o preludio dunha investigación que levará a Matilde e o comisario a enfrontarse a un estraño caso no que se mesturan a realidade, os sonhos e as lendas e onde nada é o que parece...

Fleur ten 16 anos, dous bos amigos (Blossom e Pip) e un mozo maior ca ela, que os seus pais adoran. Un día proba as clases de boxeo só por retar o club, que non permite que as rapazas adentren cos rapaces. Inesperadamente Fleur atopará non só unha nova afección, senón unha nova forma de vida que a transformará e que preocupará a súa sobreprotectora nai.

